

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Expresión artística	4º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A Educación Plástica e Visual nace da necesidade de potenciar no alumnado a capacidade de comprender os estímulos visuais que recibe e expresarse, á vez, a través das súas propias mensaxes visuais.

Na sociedade actual a cultura da imaxe, tan próxima ao alumnado e cunha ampla diversidade e complexidade visual, representa un poderoso centro de interese que a educación debe empregar no seu proveito. Así, a área céntrase no mundo cotián de imaxes e feitos plásticos no que viven os alumnos e no que están os obxectos de arquitectura, deseño gráfico, industrial e múltiples imaxes visuais transmitidas polos diferentes medios de comunicación: televisión, cine, vídeo, foto, infografía... Na aula ábrese un campo de acción, incluíndo calquera forma de comunicación visual, o que leva a traballar non só con medios tradicionais se non tamén con novas tecnoloxías.

O alumnado debe coñecer a linguaxe gráfico- plástica coa fin de observar, analizar e reflexionar críticamente sobre a realidade que o rodea, sendo consciente de que a imaxe non é a propia realidade se non un medio que en ocasións contribúe a ampliar a información e noutras ofrece unha información sesgada. No primeiro caso é importante recalcar as posibles conexións con outras áreas, tendo en conta que o uso de información gráfica é habitual.

Tampouco debemos esquecer a relación existente entre esta área e o mundo da arte; propiciando no alumnado a capacidade de contemplar e entender o noso legado artístico e a habilidade para expresar ideas e sentimentos, empregando os recursos e técnicas postos á súa disposición.

CONTEXTUALIZACIÓN.

A maior parte do alumnado procede do medio rural dun grupo de parroquias pertencentes ao concello de Marín e situadas na costa. O nivel socioeconómico é medio. A actividade cultural da zona está centrada en Marín, como vila máis importante. Tamén é o núcleo urbano ao que están máis vinculados os alumnos.

O departamento de Debuxo segue sendo unipersoal e o titular será o que imparta todas as materias en todos os niveis e desempeñe a Xefatura do Departamento. O grupo de 4º da E.S.O. consta de 3 alumnos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar manifestacións artísticas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais e valorando o proceso de creación e o resultado final, para educar a mirada, alimentar o imaxinario, reforzar a confianza e ampliar as posibilidades de gozar do patrimonio cultural e artístico.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando distintos medios, soportes, ferramentas e linguaxes, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección das máis adecuadas a cada necesidade ou intención.			2	2	1	1-3		3-4
OBX3 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins, para incorporalos ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados a cada necesidade ou intención.				5	1-3			3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Crear producións artísticas, individuais ou grupais, realizadas con diferentes técnicas e ferramentas, incluído o propio corpo, a partir dun motivo ou intención previos, adaptando o deseño e o proceso ás necesidades e indicacións de realización e tendo en conta as características do público destinatario, para compartilas e valorar as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional que poden derivarse desta actividade.	1		3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O CLAROSCURO	Traballaremos diferentes técnicas e procedementos do claroscuro con fins expresivos e de representación do volume.	20	20	X		
2	COR E TEXTURAS	Traballaremos diferentes técnicas e procedementos da cor e texturas con fins expresivos.	20	20	X		
3	AS FORMAS TRIDIMENSIONAIS	Achegamento a diferentes técnicas e procedementos para obter formas volumétricas.	20	20	X	X	
4	MULTIMEDIA	Fundamentos do deseño e da imaxe en movemento.	20	15		X	X
5	XEOMETRÍA. CAMPOS DE APLICACIÓN.	Diferentes construcións xeométricas e a súas aplicacións no campo do deseño ornamental, gráfico e de espazos interiores.	20	30		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O CLAROSCURO	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Utiliza de maneira axeitadas algunhas técnicas e procedementos á hora de producir obras gráfico plásticas cunha intención previa.	PE	65
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Traballo en equipo e individual ben organizado.		
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Diferencia e reconece algúns aspectos que caracterizan a diferentes manifestacións artísticas.	TI	35
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Ten unha opinión fundamentada sobre algunhas manifestacións artísticas.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Ten iniciativa á hora de traballar.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Analiza críticamente con certa profundidade o traballo propio e dos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas. - Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico. - Técnicas de estampaxe. Procedementos directos, aditivos, subtractivos e mixtos. - Graffiti e pintura mural. - Técnicas básicas de creación de volumes. - A arte da reciclaxe. Consumo responsable. Produtos ecolóxicos, sustentables e innovadores na práctica artística. Arte e natureza. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
2	COR E TEXTURAS	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Utiliza de maneira axeitadas algunhas técnicas e procedementos á hora de producir obras gráfico plásticas cunha intención previa.	PE	70
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Traballo en equipo e individual ben organizado.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Analiza criticamente con certa profundidade o traballo propio e dos compañeiros.		
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Diferencia e reconece algúns aspectos que caracterizan a diferentes manifestacións artísticas.	TI	30
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Ten unha opinión fundamentada sobre algunhas manifestacións artísticas.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Ten iniciativa á hora de traballar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas. - Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico. - Técnicas de estampaxe. Procedementos directos, aditivos, substractivos e mixtos. - Graffiti e pintura mural. - Técnicas básicas de creación de volumes.

Contidos

- A arte da reciclaxe. Consumo responsable. Produtos ecolóxicos, sustentables e innovadores na práctica artística. Arte e natureza.
- Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos.
- Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
3	AS FORMAS TRIDIMENSIONAIS	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Utiliza de maneira axeitadas algunhas técnicas e procedementos á hora de producir obras gráfico plásticas cunha intención previa.	PE	65
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Traballo en equipo e individual ben organizado.		
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Diferencia e reconece algúns aspectos que caracterizan a diferentes manifestacións artísticas.	TI	35
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Ten unha opinión fundamentada sobre algunhas manifestacións artísticas.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Ten iniciativa á hora de traballar.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Analiza criticamente con certa profundidade o traballo propio e dos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas. - Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico. - Técnicas de estampaxe. Procedementos directos, aditivos, substractivos e mixtos. - Graffiti e pintura mural. - Técnicas básicas de creación de volumes. - A arte da reciclaxe. Consumo responsable. Produtos ecolóxicos, sustentables e innovadores na práctica artística. Arte e natureza. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
4	MULTIMEDIA	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Utiliza de maneira axeitadas algunhas técnicas e procedementos á hora de producir obras multimedia cunha intención previa.	PE	65
CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.	Traballo en equipo e individual ben organizado.		
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Traballo en equipo e individual ben organizado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Ten unha opinión fundamentada sobre algunhas manifestacións artísticas.	TI	35
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Ten iniciativa á hora de traballar.		
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Analiza criticamente e con certa profundidade o traballo propio e dos compañeiros.		
CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	Valora o aporte das multimedia aos seus intereses persoais de desenvolvemento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos e principios básicos da linguaxe visual e da percepción. Cor e composición. - Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada. - Fotografía analóxica: cámara escura. Fotografía sen cámara (fotogramas). Técnicas fotográficas experimentais: cianotipia ou antotipia. - Fotografía dixital. A fotomontaxe dixital e tradicional. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard. - O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva). - Publicidade: recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación. - Campos e ramas do deseño: gráfico, de produto, de moda, de interiores, escenografía. - Técnicas básicas de animación. - Recursos dixitais para a creación de proxectos de videoarte.

UD	Título da UD	Duración
5	XEOMETRÍA. CAMPOS DE APLICACIÓN.	30

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Utiliza de maneira axeitada algunhas das técnicas, recursos e posibilidades expresivas da xeometría á hora de producir obras gráficas cunha intención previa.	PE	75
CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realiza obras gráficas con precisión, limpeza e claridade de debuxo.		
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Ten iniciativa á hora de traballar.	TI	25
CA3.4 - Analizar o resultado final da creación dun produto de creación gráfica de tipo técnico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Analiza criticamente e con certa profundidade o traballo propio e dos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Construcións xeométricas fundamentais. - Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivos. - Conceptos básicos de normalización. - Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía baséase na realización por parte do alumnado dunha serie de exercicios prácticos, en láminas formato papel, que só se porán realizar na aula e excepcionalmente fora dela. Estes exercicios, así como a base teórica, está especificados nun caderno de traballo que recibirá o alumnado ao inicio do curso. Puntualmente e na medida do posible realizarase algunha actividade en formato dixital.

Observacións: Se nalgunha data o alumno/a non entrega os traballos por estar ausente, pode facelo cando se incorpore a clase, presentando o xustificante correspondente. No caso de extravío ou ter que repetir algunha das actividades, o alumnado será o encargado de volver a fotocopialas a partir de orixinais achegados polo profesor ou a través da aula virtual.

ESTRATEGIA: As diferentes unidades están secuenciadas de xeito que partimos do estudio básico da forma e os seus elementos máis esenciais, punto, cor, xeometría e 3D, realizando para iso exercicios sinxelos. Irase aumentando na profundidade deste estudio chegando as últimas unidades onde podemos ver a aplicación e as posibilidades expresivas destes elementos para a creación de produtos gráficos plásticos cunha intención expresiva determinada.

Por outro lado todas as unidades didácticas xirarán dunha ou doutra maneira entorno a un mesmo tema, neste curso será a representación da figura humana ao longo da historia da arte.

AGRUPAMENTOS: A maior parte dos exercicios serán feitos individualmente e cando sexa preciso de maneira cooperativa por parellas.

ESPAZO. A aula de plástica, equipada con esencial para realizar as actividades programadas. A mesas están ordenadas por parellas podendo agrupalas doutro xeito en función de diferentes necesidades organizativas e pedagóxicas.

Serán tarefas do profesor na aula.

- Anunciar: con antelación a un exercicio, comunicárase o material necesario para a súa elaboración.
- Introducir: presentarase o tema ou o asunto sobre o que vai desenvolverse a sesión do día.
- Expoñer: comentarase a estrutura teórica do contido e dos procedementos para desenvolvelo
- Ilustrar: mostrarase suficiente material visual para complementar o discurso teórico. Este material será de diferente natureza e en diferentes formatos: imaxes fotográficas, vídeos, aplicacións interactivas, etc. Este material poderá ser creado e exposto polo profesor a través de recursos e métodos tradicionais analóxicos como pizarra, papel, ou tecnolóxicos - dixitais como ordenadores, proxector ou pizarra dixital. . Parte deste material estará na aula virtual para que o alumnado poida acceder a el en calquera momento do curso.
- Explicar: definirase claramente a natureza dos exercicios, que facemos, para qué o facemos, a qué cuestións temos que dar resposta, que procedementos empregaremos, cales son os materiais máis axeitados para cada proposta e cómo traballaremos.
- Orientar: daranse pautas individualizadas para que cada alumno/a obteña o mellor resultado posible.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

MATERIAL E RECURSOS APORTADOS POLO DEPARTAMENTO

Proxector, ordenador, pantalla, pizarra tradicional, apuntes de referencia sobre contidos, láminas de exercicios feitos na aula e adicionais, material didáctico de consulta analóxica e dixital (bibliografías, audiovisuais, webs...), ferramentas de debuxo e material funxible variado (a utilización de parte deste material por parte do alumnado dependerá do criterio do profesor).

MATERIAL QUE DEBE APORTAR O ALUMNADO.

MATERIAL COMÚN A TODAS AS UNIDADES: lapis HB ou nº2, goma, afía lapis, ceras duras de doce cores, rotuladores de doce cores, un rotulador de punta fina negro de xel (0,5 mm), unha regra graduada de 20 cm, tixeiras escolares, pegamento de barra e unha carpeta de plástico A4 con solapas para gardar o material.

MATERIAL ESPECÍFICO DALGUNHAS UNIDADES DIDÁCTICAS: Compás, escuadro, cartabón, portaminas 0,5mm. O alumnado xa será informado no seu momento de cando traer este material.

O alumnado xa será informado no seu momento de cando traer este material.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...

Características do entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

A información aportada polo titor/a do grupo o Departamento de Orientación e na reunión de avaliación inicial o equipo docente serán a fontes principais desta información

Competencia curricular: A información relacionada con este apartado será extraída a partir do expediente académico de cursos anteriores así como a través dunha actividade inicial onde se avaliarán cuestións básicas como autonomía, motricidade, habilidades, coñecementos básicos...

2. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...

- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	20	20	20	100
Proba escrita	65	70	65	65	75	68
Táboa de indicadores	35	30	35	35	25	32

Criterios de cualificación:

AVALIACIÓNS PARCIAIS.

1. **TÁBOA DE INDICADORES.** Os criterios avaliados mediante esta ferramenta están relacionados coa actitude de traballo que presenta o alumnado, puntualidade á hora de entrar na aula e na entrega das láminas e o coidado e achega do material necesario. O computo destes datos suporá un 20% da nota final de cada avaliación. Estes datos quedarán rexistrados no caderno de aula. So se poderá entregar os traballos fora de prazo se está debidamente xustificada a causa. Cada falta de asistencia e puntualidade non xustificadas, de actitude e atraso á hora de entregar as láminas suporán unha redución de 0,2 puntos ata un máximo de 2 puntos por avaliación.

2. **PROBAS ESCRITAS (Láminas, exames, producións volumétricas...).** As porcentaxes neste apartado quedarán do seguinte xeito: 60% láminas e 20% exames. No caso de non facer exame nalgún trimestre, o 80% da nota extraerase das láminas,

As cualificacións se farán de acordo a seguinte lenda: MOI BEN (9-10), BEN (7-8), REGULAR (5-6), MAL (3-4), MOI MAL (0-2)

AVALIACIÓN FINAL.

Obterase da media aritmética das notas obtidas en cada avaliación.

O Redondeo da nota será como está indicado no exemplo: 5,70 (6) / 5,69 (5). Este redondeo aplicarase nas cualificacións das avaliacións parciais e na final. Nesta avaliación final recuperaranse os decimais restados nas avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN.

Se o alumnado non acadara a cualificación mínima nunha unidade didáctica ou nunha avaliación deberá repetir aqueles exercicios que lle indicará o profesor e entregalos na data establecida. A nota obtida nos exercicios de recuperación volverán a engadirse a unidade correspondente para obter a nova cualificación.

6. Medidas de atención á diversidade

O mesmo deseño da programación didáctica tanto na metodoloxía, na temporalización das unidades didácticas e nas actividades de cada unha delas, dos diferentes materiais e recursos empregados, comtemplán diferentes aspectos orientados a reforzar e atender diferentes diversidades no aprendizaxe do alumnado. Ademais destas medidas, se fose necesario, aplicaríanse outras medidas en coordinación co departamento de Orientación:

1. Alumnado con dificultades de comprensión:

-Sentar cun compañeiro con destrezas na materia.

-Supervisar o seus exercicios antes do día da entrega

-Valorar publicamente os seus acertos e corrixir en privado os seus erros.

-Flexibilizar criterios de corrección.

Posibilidade de repetir algún dos traballos mal feitos, sobre todo os de dificultade menor, ou ampliar os prazos de entrega dos mesmos a espensas de no facer algún dos traballos programados (principalmente os de máis dificultade) co fin de acadar o grao mínimo.

2. Alumnado fortemente desmotivado:

-Prestar o material de aula baixo compromiso de ter o seu na sesión seguinte.

-Avisar á familia no caso de reincidencia, previo informe a titoría.

3. Alumnado TEA:

-Ubicar na 1ª fila.

-Supervisar que ten o material e realiza os exercicios.

-No caso de repetir actitude, informar, previo aviso á titoría, á familia.

-Atraer e manter a súa atención con chamadas e preguntas sobre o explicado e a actividade a realizar.

4. Alumnado TDHA:

-Dar máis tempo para resolver tarefas.

-Valorar publicamente os seus acertos e corrixir en privado os seus erros.

-Flexibilizar criterios de corrección

5. Alumnado inmigrante con descoñecemento do idioma.

-Escribir no taboleiro os enunciados dos exercicios e falar no seu contorno e cara a eles. Repetir pausadamente as explicacións que o requiran.

-Empregar internet para facer traducións, se fora necesario. Ás veces os propios alumnos/as traducen palabras clave ao inglés ou francés.

-Sentar cun compañeiro con habilidades sociais.

-Flexibilizar criterios de corrección.

6. Alumnado con problemas de psicomotricidade fina:

-Analizar, xunto co departamento de Orientación cal é a súa problemática e ver as posible solucións.

-Nos exercicios máis complexos de emprego de escuadro, cartabón e compás, ofrecer tarefas sinxelas.

-Nas tarefas de visualización e representación de pezas, propoñer figuras sinxelas.

-Flexibilizar criterios de corrección.

7. Alumnado altamente capacitado:

-Facer propostas de exercicios máis creativos.

-Entregar actividades máis complexas

-Ampliar información teórica dos contidos

-Pedir colaboración para actuar con compañeiros de clase.

-Valorar e agradecer publicamente a súa axuda.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Educación medioambiental			X		X
ET.2 - Espírito crítico	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación cívica	X	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.5 - TICs				X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída pola contorna do centro	Saída pola contorna do centro para realizar unha actividade relacionada con algunha unidade didáctica programada.		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Fanse anotacións durante as revisións da programación para a mellora e optimización da mesma de cara a vindeiros cursos.
Metodoloxía empregada
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Ofrécense ao alumnado as explicacións individualizadas que precisa.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Hai suficientes recurso na aula.
O tamaño do espazo e o seu aproveitamento é axeitado para o grupo.
Exponse traballos dos alumnos na aula ou outros recursos visuais.
Medidas de atención á diversidade
Dispónse de toda a información relativa ao alumnado antes do comezo do curso.
A programación contempla a atención á diversidade.
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Clima de traballo na aula
Coñécense e aplícanse os protocolos pertinentes no caso de ser necesario.
Dase a coñecer o máis salientable da programación ao alumnado e se lle facilita o acceso ao contido da mesma por medios dixitais (aula virtual, espazo web, etc)
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Foméntase a participación individual e colectiva á hora de compartir ideas sobre os diferentes temas co resto da clase.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Infórmase ás familias dos aspectos básicos da programación ao inicio do curso.
Infórmase ás familias e aos titores de aspectos salientables do proceso de aprendizaxe do alumnado ao longo do curso.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

INSTRUMENTOS: A través da observación directa e dos traballos realizados. Iráse anotando no caderno de aula tanto as cualificacións como as diferentes observacións feitas en canto a mellora da práctica docente.

PERIODICIDADE: O seguimento farase diariamente. As diferentes observación e información obtidas no seguimento rexistrárese na acta de departamento e nesta aplicación ao finalizar cada unidade didáctica ou grupo de unidades cunha mesma temática.

9. Outros apartados